



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1- 15841 SANTA COMBA (A CORUÑA) Tel. 981880075 EMAIL: CORREO@SANTACOMBA.ES

EDICTO

REESTRUTURACIÓN PARCELARIA FREIXEIRO (SANTA COMBA - A CORUÑA)

XUNTA DE TITULARES


A zona de reestruturación parcelaria de Freixeiro declarouse de utilidade pública no Decreto 1/2023, do 12 de xaneiro (DOG núm. 18 do 26.01.2023).

De conformidade do establecido no artigo 15.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, convócase a xunta de titulares da zona para que procedan a elixir os seus representantes e suplentes da xunta local de zona e do grupo auxiliar de traballo.

LUGAR: AUDITORIO DO EDIFICIO MULTIUSOS

DATA: 20 DE NOVENBRO (Mércores)

HORARIO: 20,30 horas



A efectos aclaratorios indícase que a xunta de titulares está integrada pola totalidade das persoas titulares dun dereito de propiedade ou de uso e gozo de carácter agrario de terras afectadas polo proceso de reestruturación, así como polas persoas titulares de explotacións agrarias con terras afectadas polo dito proceso.

O Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña pon a disposición dos administrados un canle oficial de Whatsapp para poder seguir os avisos informativos sobre este proceso de reestruturación parcelaria.

<https://whatsapp.com/channel/0029Varix1bDeON4X5tWKh1r>



ZRP FREIXEIRO | WhatsApp Channel

ZRP FREIXEIRO WhatsApp Channel. Canal oficial do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña para ZRP FREIXEIRO en execución. Non almacenamos números de teléfono nin...

WhatsApp.com

Se desexan recibir estes avisos deben escanear o código QR, premer no botón "seguir" e activar "notificacións". Estes avisos tamén se publican en internet, na páxina web da Consellería do Medio Rural, no seguinte enderezo :

<https://mediorural.xunta.gal/es/recursos/anuncios>

En Santa Comba, a 18 de outubro de 2024.

O alcalde,
Alberto Romar Landeira.
(asinado dixitalmente)